VISITAMOS UN SUPER

O xoves 1 de Decembro fomos ao supermercado Gadis.
Cando entramos, saudamos ás caiciras e dividimonos en dous grupos, un con Maribel e outro con Alba.
Fixemos un xogo que consistía en buscar os alimentos máis baratos dunha lista da compra que levabamos: peixe, pan, lentellas, iogures, froita...
Cada un/unha de nós liña un plano do super e seguiamos un orden.
Cando acabamos déronnos unha bolsa chea de agasallos: unha lanterna, un reloxo, un boli con imán, unha barriña de cereais, unha botella de auga e un diccionario de inglés.
A nosa profe mercouns pan e chocolate e fomos comendo pola rua ata o centro sociocultural do Ensanche.
Alí hai unha Biblioteca con moitísimos libros e da que podemos ser socios facendo un carnet.
Unha chica contounos o conto dunha ciruga que se enamorou dun caiado e aínda que dicían que non iían cambiar, acabaron convertendose en bolboreta e sapo.
Nesa biblioteca pódense levar películas e 3 libros de cada vez.

TAPÓNS PARA AITANA

Hai tres semanas na clase de 2ºA, empezamos a xuntar tapóns para axudar a Aitana. Esta nena ten que operarse do pulmón dereito e necesita moitos cartos para ir a Estados Unidos.
A campaña consiste en recoller todos os tapóns posibeis e levalos as oficinas de Seur. Esta empresa encárgase de transportalos á unha planta de reciclaxe de Navarra.
Alí pagan a 0,30 euros cada kilo, para reciclalos e volvelos a convertir noutras cousas de plástico.
Valen moitos tipos de tapóns, os de botellas de leite, auga, aceite, zume, gaseosa, champú, suavizante…

TODOS OS QUE SON FLEXIBLES VALEN!

Cando nos enteramos da campaña empezamos a traer tapóns e fixemos con eles un mural no pasillo do colexio para que outros nenos se animaran a colaborar. E así foi. Chegaron tantos tapóns que puxemos un caixón grande abaixo para que a xente os botara e xa está cheo!
Para que non se perdera ningún tapón dos da merenda do recreo, baixamos ao patio cun cartel para que todos se enteraran da nosa campaña.
Agora, queremos anunciala nesta revista para que toda a xente que a lea se anime a axudar a Aitana, porque xa se xuntou a metade da cantidade precisa e se todos colaboramos gardando os tapóns que nestas festas se poden xuntar, lograremos salvala. Non os tiredes! É unha pena desperdicialos podendo axudar a unha nena enferma e ao medio ambiente tamén. Pensemos que o material de que están feitos os tapóns pódese reciclar varias veces.. E ademáis, que nos costa xuntar tapóns?

ASÍ QUE POR FAVOR, NESTAS FESTAS, QUE NON SE TIRE NIN UN TAPÓN DAS BOTELLAS!